



AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN POR MATERNIDADE OU PATERNIDADE DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA [TR341R]

Aberto o prazo ata o **25 de outubro**

Persoas beneficiarias

- **Persoas traballadoras dadas de alta no RETA ou autónomas^(*)** que gozasen dun período de descanso por nacemento.
- **Sociedades e comunidades de bens** respecto das persoas autónomas societarias^(*) que gozasen tamén dun período de descanso por nacemento.

(*) Con centro de traballo ou domicilio social en Galicia



Orzamento 500.000 €

Accións subvencionables

Bono Autónomo Concilia I

Contratación dunha persoa traballadora por conta allea^(**) realizada entre o 1 de outubro de 2020 e 30 de setembro de 2021 cunha duración mínima de seis meses e un máximo dun ano unha vez rematado o seu período de descanso por nacemento.

Bono Autónomo Concilia II

Contratación dunha persoa traballadora por conta allea^(**) realizada entre o 1 de outubro de 2020 e 30 de setembro de 2021 cunha duración mínima de seis meses e un máximo dun ano para o coidado de menores, maiores ou dependentes.

Bono Autónomo Coidado de menores

Contratación dun centro ou do servizo de coidado de menores para aquelas persoas autónomas ou persoa autónoma societaria que obteñan o Bono autónomo Concilia I ou II nesta convocatoria.

Bono Autónomo Coidado de persoas maiores ou dependentes

Contratación dun centro ou do servizo de coidado de persoas maiores e/ou dependentes de ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade ou que acrediten convivencia para aquelas persoas autónomas ou persoa autónoma societaria que obteñan o Bono autónomo Concilia I ou II nesta convocatoria.

(**) Cunha persoa desempregada ou coa mesma persoa que estaba contratada por interinidade por maternidade ou paternidade.



AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN POR MATERNIDADE OU PATERNIDADE DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA [TR341R]

Contía dos apoios

Bono Autónomo **Concilia I**

ou

Bono Autónomo **Concilia II**

Bono Autónomo **Coidado de
menores**

e/ ou

Bono Autónomo **Coidado de
persoas maiores ou
dependentes**

Ata **500€**/mes completo(***)

Durante a duración da contratación, cun **máximo de 12 meses**.

Nos casos de duración incerta a subvención será polos meses indicados no Anexo I.

O importe máximo a percibir será **6.000 €**(***)

O **75%** do custo do centro ou servizo de coidado contratado entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021

O importe máximo a percibir será **3.000 €**

Bono autónomo coidado de menores e coidado de maiores ou dependentes **compatibles entre si**.

(***) Para contratacións a tempo parcial, a contía será proporcional ao tempo efectivo de traballo.

Requisitos das persoas beneficiarias



A persoa traballadora autónoma **tivo que estar de descanso por nacemento** e, no prazo dos quince días seguintes á finalización do dito descanso debe realizar un contrato **cunha duración mínima de seis meses** a unha persoa traballadora por conta allea.



A contratación debe realizarse **cunha persoa desempregada** ou, de ser o caso, coa **mesma persoa que estaba contratada por interinidade** por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma.



Deberá manter á persoa traballadora contratada pola duración e xornada mínimos polos que se lle concedeu a subvención desde a alta do contrato subvencionado.



No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora contratada, a persoa autónoma ou entidade beneficiaria deberá **cubrir a vacante cunha nova contratación cunha persoa desempregada** polo menos por unha xornada de traballo igual ou superior á de persoa substituída, tendo de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Neste caso, **a suma do tempo de contratación da persoa traballadora e substituta deberá ser**, como mínimo, **igual ao tempo polo que se lle concedeu a subvención**.